

# Non aos recortes nas prestacións asistenciais e por desemprego

O goberno do PP pretende unificar as axudas do Plan de Activación do Emprego (PAE), o Plan PREPARA e a Renda Activa de Inserción (RAI)

**O** Goberno do Partido Popular pretende unificar as axudas de carácter asistencial (PAE, RAI e PREPARA). A xestión das devanditas prestacións asistenciais ten sido declarada competencia das comunidades autónomas por parte do Tribunal Constitucional. O Goberno no seu afán centralizador pretende aplicar o artigo 155 ás persoas desempregadas galegas, non fai efectiva a sentenza unificándolas e integrándolas na seguridade social. Todo isto para que as comunidades autónomas onde o PP non goberna non teñan capacidade de aumentar a taxa de cobertura do paro tanto en número de traballadores/as que a perciben como na súa contía.

Desde a CIG vimos reclamando a necesidade de abordar a modificación de todo o sistema de protección de desemprego, non só o asistencial, un sistema que viu recortadas as contías das prestacións e endurecidos os requisitos de acceso a estas. E que con esta nova reforma novamente o PP vai recortar o tempo de dereito ao subsidio de desemprego aos traballadores/as que precisan máis protección por parte da administración. Así mesmo, entendemos de vital importancia que sexan transferidas a Galiza as competencias nesta materia.

Durante os últimos anos vimos denunciando a continua deterioración do sistema de protección social das persoas traballadoras que están en situación de desemprego.

Estamos a ver como mes a mes a taxa de cobertura de desemprego vai diminuíndo até situarse preto do 50%, é dicir, case a metade das persoas que están desempregadas non teñen acceso a ningún tipo de prestación, á vez que das que teñen acceso, a metade téñeno a prestacións non contributivas, é dicir, a ridículos subsidios que non garanten a máis mínima oportunidade de cubrir as necesidades máis básicas da persoa. Na Galiza hai máis de 188.000 desempregados/as, dos que 93.000 non cobran ningún tipo de percepción económica.

O PP, neste momento onde o PIB medra ao 3% e onde as cotizacións por desemprego no ano 2017 teñen 2.300 millóns de superávit, acomete unha vez máis outra reforma para empobrecer a clase traballadora.

Diante desta situación a CIG vén propondo a adopción das seguintes medidas en canto ao conxunto do sistema de protección no desemprego:

En primeiro lugar dúas cuestións de carácter xeral:

- 1º A contía do SMI debe ser a que o fixa a Carta Social Europea como asumiu o Estado español e debe corresponderse polo tanto co 60% do salario medio galego, o cal debería de ser de 857€ en 14 pagas.
- 2º Que as contías das prestacións se calculen sempre en relación ao SMI (Salario Mínimo Interprofesional na contía que propomos no punto anterior) e non ao IPREM (Indicador Público de Renditas de Efectos Múltiples), como se vén facendo na actualidade, mecanismo de cálculo deseñado para seguir precarizando o pobo. Eliminación do IPREM para estes efectos. Hai que lembrar que no ano 2018 o SMI é 735,9 euros/mes, que debería ser –segundo a Carta Social Europea e segundo reivindicamos– 857€ mentres que o IPREM está situado en 537,84 euros/mes.
- 3º Derrogación das reformas das prestacións por desemprego do PP recuperando as prestacións e subsidios por desemprego, nos termos anteriores á reforma de 2012. É dicir:

- Manter as contías das prestacións por desemprego no 70% da media da base de cotización dos últimos 180 días durante os 6 primeiros meses e o 60% desa media no resto do período de cobro, período de cobro que non se debe limitar a 24 meses.
- Recuperar o subsidio de maiores de 52 anos (agora 55).
- Restabelecer o subsidio para maiores de 45 anos (agora chamado por esgotamento das prestación contributiva).
- Eliminar o endurecemento dos requisitos para acceder á percepción dos subsidios en canto a que integrantes da unidade de convivencia son tidos en conta para realizar o cómputo de ingresos e que tipo de ingresos se contabilizan.

Ademais, todas estas medidas deberían implementarse con medidas de cobertura universal, como a renda de inserción laboral para persoas maiores de 18 anos que non cobren ningún tipo de prestación económica.

**19 de xuño: FOLGA XERAL**  
**pola recuperación dos dereitos,**  
**contra a precariedade e a pobreza**



Confederación Intersindical Galega